

ETAP

agl

Ref^o: prego_técnico_plocloruro_ETAP.doc

Asunto: PREGO CONDICIÓNS POLICLORURO DE ALUMINIO

PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE COAGULANTE (POLICLORURO DE ALUMINIO), PARA A ACTUAL ETAP.

1.- Obxecto do concurso.

O obxecto do presente concurso é a subministración do produto coagulante **POLIHIDROXICLOROSULFATO DE ALUMINIO, DE ALTA BASICIDADE**, para o tratamento de potabilización da auga de abastecemento na actual Estación de Tratamento de Auga Potable de Lugo (ETAP).

As propiedades físicas e químicas do produto terán que ser as seguintes:

- Estado físico, color, olor: Líquido claro e amarelo, olor inapreciable.
- PH (sol. 1%, v/v) $2,7 \pm 0,5$
- Temperatura de ebulición (°C): 110 ± 10
- Temperatura de descomposición (°C) 200
- Densidade aparente (a 25°C, g/cc) $1,22 \pm 0,02$
- Solubilidade en auga (% peso): Completa ó 20%
- Solubilidade en disolventes orgánicos: Non

A cantidade aproximada é de 800 Tm para un período dun ano.

O prezo máximo por tonelada fixase en 270 euros, (sen iva).

2.- Duración do contrato.

A duración do contrato será dun ano prorrogable por outro.

3.-Calidade de produto.

As especificacións requiridas son as seguintes:

Al ₂ O ₃ %	$9,7 \pm 0,3$
Cloruros%	$11,5 \pm 1,0$
Basicidade relativa %	85 ± 10
Sulfatos %	$1,0 \pm 0,5$

De acordo co establecido na ORDE SCO/3719/2005 sobre sustancias para o tratamento da auga destinada á produción de auga de consumo humano, cumprirá co establecido na norma UNE-EN 883:2007, e nº de rexistro CAS 39290-78-3, e, para o que non se especifique neste prego, tomaranse como referencia de calidade os valores correspondentes ó TIPO I da TABOA I da citada norma UNE.

ETAP

agl

Ref#: prego_técnico_plocloruro_ETAP.doc

Asunto: PREGO CONDICIÓN POLICLORURO DE ALUMINIO

4.- Acreditación das características do produto.

Os concursantes, ó facer a oferta do seu produto, deberán presentar unha copia dunha análise completa do mesmo, emitida por laboratorio homologado, que demostre o cumprimento dos parámetros de calidade esixidos, que se comprometerá a manter durante todo o contrato.

5.- Autorización sanitaria.

O fabricante e/ou subministrador deberá presentar certificado ou autorización sanitaria correspondente ó produto, conforme o art. 9 do RD 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade da auga de consumo humano e a ORDE SCO/3719/2005 de 21 de novembro sobre substancias para tratamento de auga destinada á produción de auga de consumo humano, así como calquera outra información ou certificación acerca do produto que lle requira o Concello.

6.- Normativa de Seguridade.

Os licitadores presentarán copia da normativa de seguridade aplicable ó produto, acompañado da ficha de seguridade completa.

7.- Transporte e entrega. Prazos e condicións.

Todas as operacións de carga, transporte e descarga correrán a cargo do adxudicatario.

a) O ritmo de entrega do produto poderá variar en función das necesidades, e realizarase, previa solicitude telefónica por parte de personal da planta, nun prazo máximo de 72 horas.

b) En caso de situación de folga de transporte, será responsabilidade do adxudicatario a xestión de peticións de escolta ás Forzas de Seguridade ante as autoridades competentes se fose necesario.

c) O transporte realizarase en camións cisterna que deberán de cumprir con tódolos requisitos legais establecidos no Regulamento Nacional para o Transporte de Mercadorías Perigosas por Carretera “TPC-ADR”, así como cos derivados da ficha de seguridade do produto.

As cisternas e tódolos seus elementos (conductos, tuberías, mangueras, etc), que poidan entrar en contacto co produto, serán de materiais resistentes ó mesmo, e deberán ser obxecto de limpeza con medios adecuados antes de proceder á carga, de xeito que se garantice a non afeción do produto transportado nin das súas

ETAP

agl

Ref#: prego_técnico_plocloruro_ETAP.doc

Asunto: PREGO CONDICIÓN POLICLORURO DE ALUMINIO

características, e non terá transportado con carácter previo sustancias tóxicas que incidan na subministración. O incumprimento de calquera destas disposicións será motivo suficiente para a devolución da carga á orixe.

O contratista será directamente responsable, tanto en relación ó concello como a terceiros, dos danos de todo tipo causados ou derivados de limpeza incorrecta de calquera dos elementos do medios de transporte e descarga.

O contratista será responsable do cumprimento das obrigas que tanto para el como para o transportista derivan do RD 1566/1999, de 8 de outubro, debendo acreditar estes extremos fronte ó Concello se fora requerido.

Na carta de porte que necesariamente debe acompañarse a cada envío, incluírase unha declaración firmada polo transportista (conductor do vehículo), no que de forma inequívoca conste o seu coñecemento das disposicións xerais e especiais aplicables en función do carácter perigoso de mercadoría transportada, a súa natureza, cantidade e riscos e medidas a adoptar en caso de accidente, fuga, rotura ou deterioro dos envases, así como o cumprimento por conductor e vehículo dos requisitos esixidos pola lexislación vixente.

En ningún caso o Concello de Lugo aceptará responsabilidade algunha derivada do incumprimento destes requisitos.

c) As entregas do produto virán acompañadas de certificación de peso, e aleatoriamente procederáse á comprobación do mesmo na báscula designada polos técnicos municipais.

d) A realización da descarga realizarase por parte do subministrador, nos depósitos existentes na ETAP para tal fin, baixo a supervisión do personal da planta, calquera vertido accidental que se puidese producir durante este proceso, será responsabilidade do adxudicatario.

8.- Realización de análíticas.

Independientemente das análises de rutina que se poidan practicar, aleatoriamente ó longo dun ano, tomaranse 3 mostras do produto subministrado, que se enviarán para a súa análise a un laboratorio de referencia. Os gastos derivados correrán a cargo da empresa adxudicataria.

9.- Acreditación técnica da empresa e de prestación de servizos.

Para poder participar no concurso a empresa:

- Estará acreditada pola Norma ISO 9001 de calidade e ISO-14000 de Medio Ambiente.

- Estará capacitada para ofrecer asesoramento e asistencia técnica á ETAP en materia de potabilización de augas. Dita capacidade deberá acreditarse mediante

ETAP

agl

Refⁿ: prego_técnico_plocloruro_ETAP.doc

Asunto: PREGO CONDICIÓN POLICLORURO DE ALUMINIO

a presentación do currículum correspondente ó personal técnico especializado de que dispón a empresa para tal fin. A mencionada asistencia incluírá, como mínimo, unha visita anual á ETAP por parte do persoal técnico, independentemente daqueloutras que, a xuízo do responsable de tratamento puidesen resultar necesarias como consecuencia de situacións anómalas ou excepcionais, todo isto sen ningún custo para o Concello.

10.- Sancións.

Se os resultados das análises non coinciden coas características do produto ofertado ou o peso contrastado non coincide co expresado no albarán de entrega, o Excmo. Concello de Lugo non abonará á adxudicataria o importe económico das partidas subministradas afectadas, en tanto non se corrixa a situación detectada, podendo incluso proceder á anulación da adxudicación no caso de reiteración ou probada toxicidade das impurezas do produto que poidan ocasionar efectos perxudiciais para a saúde pública e/ou a calidade da auga subministrada.

Lugo, 29 de marzo de 2009

A Farmacéutica

Asdo. Amelia Gutiérrez López